

NOTA DE PRENSA

O Museo Casa da Troia recibiu este verán unha media de cincuenta visitas diarias procedentes de 34 países de Europa, América, Asia e África

A peregrina madrileña, Dolores Pérez García, fixo esta mañá a visitante número 2010, polo que foi agasallada coa novela

Dende a data de reapertura, o 15 de xullo, ata o 31 de agosto visitárona 1.916 persoas de todas as idades

Fascinación e nostalxia, principais emocións que provoca

A Asociación de Antigos Tunos Composteláns afirma que os datos reflicten un gran agarimo e interese polo museo

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2010 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa da Troia recibiu **1.916 visitas** entre o 15 de xullo –data da súa reapertura– e o 31 de agosto, procedentes de 34 países de Europa (18), América (11), Asia (4) e África (Congo), ademais de España; o que fai unha media diaria dunhas cincuenta persoas. Os visitantes nacionais suman 1.586, dos que un terzo son galegos, seguidos dos madrileños, andaluces e cataláns. Esta mañá a madrileña Dolores Pérez García facía a visitante número 2010 desta andaina, cifra simbólica por coincidir co ano en curso. As guías do museo, Carmen e Sandra, recibírona afectuosamente e agasallárona cun exemplar da novela homónima de Alejandro Pérez Lugín. Ademais en Dolores concorre a dobre condición de visitante da Casa da Troia e peregrina a Santiago, Camiño que fixo catro veces e, neste ano santo, dende León.

A fascinación polo vello caserón é o denominador común entre uns e outros, así como a satisfacción trala visita guiada. O libro de sinaturas recolle expresións de admiración, felicitacións e mesmo exhortacións a que permaneza aberto, xa que a continuidade máis alá de decembro non está asegurada. Unhas colombianas escribiron que a casa é preciosa, “parece que se detuvo en el tiempo, incluso en toda la ciudad”. Unha irlandesa escribe en inglés “moi interesante esta casa fascinante do pasado”. Un antigo tuno de Medicina de Granada estampou: “Con todo cariño, nostalgia y admiración por este templo, cuna de la estudiantina y de la tuna”. Outros comentarios valoran as explicacións e atencións das guías que mostran o museo, **que se pode ver de 11 a 14 e de 16 a 20 horas, agás os domingos pola tarde e os luns.**

A Asociación de Antigos Tunos Composteláns, entidade que xestiona o museo, congratúlase do “éxito da Casa, mostra evidente do interese que desperta en todo o mundo, tendo en conta que a inmensa maioría se identifica coa súa vida universitaria cando pasea polas dependencias da vella pensión de estudantes”.

O Museo Casa da Troia recrea unha antiga pensión estudantil e simboliza a Compostela universitaria de finais do s. XIX e principios do XX. Abriuse ao público por primeira vez o 27 de febreiro de 1993, logo de trinta anos de xestións, dende a adquisición do inmovible –hoxe de titularidade municipal-, pasando pola súa restauración, amoblamento e decoración, ata a súa apertura coa dotación necesaria. Todo este inxente labor foi posible grazas á iniciativa e empuxe do **mecenas Benigno Amor Rodríguez** (Santiago de Compostela 1937-2009), quen lle dedicou boa parte da súa vida.

NB.- Xuntamos foto da visitante 2010 rodeada polas guías do museo, Carmen e Sandra

Benigno Amor Barreiro_661 651 235
Presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns